



Limitacións de temperatura en interiores segundo o Real Decreto-lei 14/2022 no tocante a medidas de aforro e eficiencia enerxética e Real decreto 486/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

O Real Decreto-lei 14/2022 é unha norma do goberno dirixida ao aforro e á eficiencia enerxética, que non está dirixida especificamente ao ámbito laboral, esta norma fixa uns límites de temperatura e sinala expresamente que os ditos límites deben axustarse ao que sinala o RD 486/1997 cando se trate de actividades laborais.

Por outra parte débese ter en conta que o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE), coas modificacións operadas polo Real Decreto-lei 14/2022, é unha norma xurídico-técnica que incide nas condicións de traballo e polo tanto tamén é esixible ás empresas en materia de prevención de riscos laborais tal e como se recolle no artigo 12 da Lei 23/2015, de 21 de xullo, Ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

As condicións ambientais existentes nos lugares de traballo (temperatura do aire, radiación térmica, humidade e velocidade do aire) xunto a outros parámetros que inflúen no equilibrio térmico do corpo (calor xerada pola actividade física realizada, illamento térmico da roupa) poden orixinar situacións de risco para a saúde dos traballadores, xa sexa por calor ou por frío.

O anexo III do Real decreto 486/1997 establece os requisitos mínimos esixibles para as condicións termohigrométricas, en concreto establece os límites permitidos de temperatura, humidade relativa, velocidade do aire e renovación mínima de aire nos locais de traballo pechados. Para lugares pechados distingue dous intervalos de temperatura do aire en función do tipo de actividade física desenvolvida:

- O primeiro deles (17 °C - 27 °C) establécese para traballos sedentarios nos que a demanda de enerxía metabólica é pequena, da orden de 55 a 70 W/m² (0,95 - 1,21 met).
- O segundo deles (14 °C - 25 °C) establécese para traballos lixeiros, nos que a demanda de enerxía metabólica está comprendida entre 70 e 130 W/m² (1,21 - 2,24 met).

O RITE fixa valores para dúas das variables que interveñen na avaliación do benestar térmico (temperatura do aire e humidade) e non para o resto de variables. Igualmente, o propio RITE indica que aqueles recintos que xustifiquen a necesidade de manter condicións ambientais especiais ou dispoñan dunha normativa específica que así o estableza non terán que cumprir ditas limitacións de temperatura.

Cabe recordar, que a efectos prácticos, as temperaturas mínimas e máximas previstas non son as indicadas nos aparellos de climatización, senón as reais existentes nos postos de traballo e



que deben ser medidas con equipos homologados a través do servizo de prevención. Será o servizo de prevención da empresa quen debe avaliar, tendo en conta a necesidade de axustarse ás medidas de aforro enerxético e á normativa de prevención, se as condicións ambientais, considerando todas as variables que inflúen, son adecuadas para os traballadores en cada casuística particular.

Por último sinalar que a interpretación da normativa laboral corresponde en exclusiva aos órganos da xurisdición social, podendo ser, por exemplo, a través de Sentenzas ditadas por razón de demandas interpostas contra Resolucíons firmes ditadas pola Autoridade Laboral na resolución de expedientes sancionadores, iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social mediante a correspondente acta de infracción.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2022